

**De:** Xunta de Persoal

**A:** José Antonio Iglesias Vázquez, Director Xerente da Fundación Pública Urxencias Sanitaria de Galicia 061

Santiago de Compostela, 26 de Xuño de 2012

**Asunto: Edificio Emerxencias A Estrada**

O 21 de Setembro de 2011 o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, avanzaba a construción dun novo edificio para a Axencia Galega de Emerxencias (**Axega**) e que convertería á Estrada no centro das emerxencias de Galicia.

Ese mesmo día a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia realizaba a adxudicación definitiva da obra do edificio para centro de emerxencias 112 de Galicia (PRES110301) á empresa ANTALSIS CONSTRUCCIÓN E SERVIZOS, S.L. por 6.099.800,00 € I.V.E incluído. Nos pregos técnicos do proxecto xa podíamos encontrar referencias ao traslado do 061 a este edificio, tanto na memoria descritiva como nos planos de planta.

Finalmente o pasado 25 de Maio de 2012 nun acto da Academia Galega de Seguridade Pública o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciaba que as obras estarán finalizadas este ano e o traslado será o ano 2013, así como confirmaba que o edificio aglutinará o traballo do 061 e do 112.

Por outro lado, o a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público establece como función dos órganos de representación dos traballadores públicos no artigo 40.A *“Emitir informe, a solicitude da Administración Pública correspondente, sobre o traslado total ou parcial das instalacións e implantación ou revisión dos seus sistemas de organización e métodos de traballo.”*

Por todo isto solicitamos solicitamos que:

- Se confirme ou desminta o traslado do 061 á Estrada.
- Se detalle que servizos e efectivos serán trasladados.
- As condicións dese posible traslado.
- Que se solicite da Xunta de persoal o preceptivo informe previo ao traslado.

Atentamente,

Asinado: